

1. Felicidades por rematar cos estereotipos de xénero no sector da construción.

Gracias, eu realmente non sentía que estivera a realizar nada a favor de terminar cos estereotipos de xénero, era o meu traballo e non vía como algo excepcional.

2. Como primeira muller gruísta como te sentías nun mundo maioritariamente masculino?

Bueno, realmente non sei si fun a primeira. Sei que polo menos había outra operadora de grúa-torre que obtivera o carné en Suiza. Súbeno pola empresa que montaba e reparaba as grúas. Non sei si había máis.

Ben, sempre me sentín ben. A construción é un sector no que hasta fai pouco non había unha formación regrada (agora existe un ciclo de FP) e o que sucedía era que os máis veteranos acollían aos novatos e lles ensinaban no día a día e eu non fun unha excepción. Por Iso, sentíame ben acollida.

3. Dentro do teu grupo laboral sentícheste arroupada polos teus compañeiros ou percibías certos prexuízos polo feito de ser muller?

Sempre me sentín ben acollida e non sentín prexuízos e de feito a primeira persoa que me ensinou a manexar a grúa foi o meu pai, ou sexa, un home porque antes non pedían carné para manexala, de feito cando saquei o carné foi no primeiro curso que houbo na zona e organizaron a entrega dos carnés nun acto formal.

4. Con que experiencia te quedarías no teu traballo na construción?

Quedaríame con todo o que aprendín ao longo deses anos, non podería escoller unha sola cousa. Todo o que vivín e aprendín foi importante e de todo saquei boas experiencias e bos recordos.

5. Que cambios percibiches ó cambiar de profesión dende o punto de vista da igualdade de xénero?

Nese senso, no percibín diferencias. Quizais podería dicir que, incluso percibín máis reticencias dende o punto de vista do xénero no inicio do meu traballo como docente. Pero,... A ver...somos humanos e solemos facernos unha idea dunha persoa cando a coñecemos, solemos prexulgar pero iso é inevitable.

6. Que recomendarías as rapazas que senten esa vocación por desempeñar traballos aínda maioritariamente masculinos como gruísta, mecánica...?

Que se preparen para facer o seu traballo o mellor que podan. Igual que lle diría a calquera, procurade ser bos no voso traballo. Iso é o máis importante formarse e facelo o mellor que podamos.

7. Cando desempeñabas o rol de gruísta eras consciente de que era unha profesión que soamente desempeñabades dúas mulleres na nosa comunidade?

Non, non era consciente. Simplemente facía o traballo o mellor que podía, sen plantexarme que eramos poucas no sector. Para min era o meu traballo era o normal no meu día a día.

8. No teu traballo como muller gruísta eras consciente de que estabas a desempeñar un novo rol a favor da igualdade de xénero?

Non. Sabía que non había moitas mulleres facendo ese traballo pero como vos dicía eu ía a traballar e procuraba facelo o mellor posible. Tamén facía outras cousas, non só manexar a grúa. Tamén era encargada de obra, de proceso de construción, facturación e compra-venda.

9. Cal foi o motivo para cambiar ó mundo do ensino?

Bueno...o mundo da construción é moi duro. A maior parte do tempo mentres se está na cimentación e na estrutura e tes que estar á intemperie, pásase moito frío, móllaste, pasas moito calor no verán e fisicamente é un traballo duro. Eu tiven un problema de xeonllo que me tivo parada moito tempo. Pasei moito tempo en muletas e tamén xa vou cumprindo anos así que houbo que buscar unha alternativa.

10. Contaríasnos algunha anécdota que recordes do teu traballo no sector da construción?

Houbo moitas pero agora mesmo recordo que cando nos fixeron entrega dos carnés de gruísta un rapaz novo me dixo: "Agora falta ver si o vas usar" e realmente ao final eu si o usei e el non. Eu sei que pola súa parte non foi un comentario malintencionado nin moito menos que o coñecía e había confianza pero esa é a anécdota.

Tamén recordo agora cando chegaban camións con material para descargar que ao principio se estrañaban. A primeira vez que viñeron co material para colocar os ascensores, que é material moi caro e non se pode danar, cando se ía descargar o encargado da empresa dos ascensores pediulle a todos os seus que suxeitaran as pezas para que non se golpearan contra a caixa do camiión mentres eu as subía ca grúa pero todo foi moi ben, subía todo perfecto. Foi gracioso velos a todos suxeitando

Tamén gastamos algunha que outra broma cando ían buscando *ao gruísta* para descargar.